

BASES PARA A CONVOCATORIA DO OBRADOIRO DE CERÁMICA 2018

FERROL

1. O obradoiro será impartido por profesorado cualificado e os destinatarios desta actividade serán as persoas maiores de 16 anos que presenten a instancia de solicitude de acordo co establecido no punto 5 destas bases. **Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello de Ferrol (a comprobación será realizada por esta administración).** As demais téranse en conta no caso de vacantes.
2. Dárase formación a un máximo de tres grupos, compostos por un máximo de 20 alumnos.
3. As ferramentas propias para a modelaxe, cortado e vaciado da cerámica correrán por conta do alumnado. O Concello unicamente aportará as instalacións, os fornos, o aerógrafo e as materias primas necesarias para o desenvolvemento inicial do obradoiro.
4. As clases impartiranse, en horario de tarde, de luns e venres, do seguinte xeito:
Obradoiro 1: Iniciación aos procesos de conformado da cerámica creativa a man - GRUPO A- os luns e mércores de 16.30h a 19.00h.
Obradoiro 2: Perfeccionamento dos procedementos de traballo da cerámica creativa a man- GRUPO B- os martes e xoves de 16.30h a 19.00h.
Obradoiro 3. Obradoiro avanzado de proxectos de cerámica creativa a man- GRUPO C- os venres de 16.00h a 19.00h.
5. As persoas que desexen participar deberán formalizar unha solicitude que estará a súa disposición no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web municipal www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición. Deberá presentarse unha soa solicitude por cada alumno/a solicitante do obradoiro

O período de inscrición será de 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación destas Bases na páxina web e no Taboleiro de Edictos do Concello e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. O criterio de admisión será mediante rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal e realizarase unha listaxe de persoas admitidas.
6. Unha vez elaborada a listaxe de persoas seleccionadas será publicada e poderá ser consultada no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios). **Xunto coa listaxe darase a coñecer o día de comezo da actividade.**
7. As persoas admitidas disporán dun prazo **de 6 días hábiles** dende o día seguinte á publicación da listaxe anteriormente citada na páxina web do Concello e no Taboleiro de Edictos, para o **pago do prezo de matrícula que ascende a 20 €** (Ordenanza xeral reguladora do prezo público de actividades culturais do Concello de Ferrol). **As instrucións para o pago da taxa achéganse a estas bases.**

Se no transcurso deste prazo non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario, considerarase que se renuncia á praza e pasará a adjudicarse ao correspondente solicitante suplente, ao que se lle notificará no teléfono ou correo electrónico que figure na súa solicitude.
8. A ausencia reiterada e inxustificada de 3 días consecutivos ou 5 alternos poderá dar lugar á exclusión do alumno no obradoiro, dando entrada, por orde de inscrición, aos solicitante na lista de suplentes.
9. O Concello de Ferrol, despois do remate do obradoiro, non se fará cargo nin custodiará o material nin os traballos realizados polos alumnos.
10. Os alumnos deberán asinar todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza.

Ferrol, 11 de xaneiro de 2018,

O Concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas,

Jesús Basterrechea López

Concello de Ferrol
FERROL
CULTURA

INSTRUCCIÓN PARA O PAGO DA TAXA

- ➔ Acceder a páxina www.ferrol.es
- ➔ Menú “Sede electrónica-Oficina Virtual Tributaria”
- ➔ Seleccionar la opción “Acceso á Oficina Virtual Tributaria”
- ➔ Elixir “Trámites sen certificado”
- ➔ Entrar en “Autoliquidaciones”
- ➔ Escoller “Taxas”
- ➔ No formulario cumprimentar
 - “Información del contribuyente”
 - “Datos de identificación de la tasa”
 - Municipio:FERROL
 - Concepto a liquidar. CU-ACTIVIDADES CULTURAI
 - Subconcepto: OBRADOIRO DE CERÁMICA
 - Pulsar “Calcular” e “Aceptar”

Imprimir o modelo e realizar o pago no banco.

UNHA COPIA DO IMPRESO DEBE SER ENTREGADO NO NEGOCIADO DE CULTURA DESPOIS DE TER REALIZADO O TRÁMITE NO BANCO.

INSTRUCCIONES PARA EL PAGO DE LA TAXA

- ➔ Acceder a la página www.ferrol.es
- ➔ Menú “Sede electrónica-Oficina Virtual Tributaria”
- ➔ Seleccionar la opción “Acceso á Oficina Virtual Tributaria”
- ➔ Elegir “Trámites sen certificado”
- ➔ Entrar en “Autoliquidaciones”
- ➔ Escoger “Taxas”
- ➔ En el formulario cubrir:
 - “Información del contribuyente”
 - “Datos de identificación de la tasa”
 - Municipio:FERROL
 - Concepto a liquidar. CU-ACTIVIDADES CULTURAI
 - Subconcepto: OBRADOIRO DE CERÁMICA
 - Pulsar “Calcular” e “Aceptar”

Imprimir el modelo y realizar el pago en el banco.

UNA COPIA DEL IMPRESO DEBE SER ENTREGADO EN EL NEGOCIADO DE CULTURA DESPÚES DE REALIZAR EL TRÁMITE EN EL BANCO.